# Ficha repaso 1ª e 2ª

**1. Soletrea as seguintes palabras (fai coma no exemplo).**

**0. *Arame*: a, erre, a, eme, e.**

**1. *Papo*: pe, a, pe, o.**

**2. *amorodo*: a, eme, o, erre, o, de, o.**

**3. *ningunha*: ene, i, ene, gue, u, ene hache, a.**

**4. *choiva*: ce hache, o, i uve, a.**

**5. *xamón*: xe, a, eme, o, ene.**

Completa o seguinte cadro:

| | **Leva acento?** | **División silábica** | **Sílaba tónica** | **Ditongo/hiato ?** |
|---|---|---|---|---|
| ***Diminucion*** | ***Si: Diminución*** | ***Di-mi-nu-ción*** | ***ción*** | ***Si: ditongo -io-*** |
| **caixa** | non | cai-xa | cai | ***Si: ditongo -ai-*** |
| **maxico** | Si: máxico | má-xi-co | ma | non |
| **ria** | Si: ría | rí-a | rí | hiato |
| **textil** | Si: téxtil | téx-til | téx | non |
| **teima** | non | tei-ma | tei | Si: ditongo -ei- |
| **saudo** | Si: saúdo | Sa-ú-do | ú | Si: hiato |
| **heroe** | Non: heroe | he-ro-e | ro | Si: hiato |
| **lapis** | non | la-pis | la | non |
| **cambiou** | non | cam-biou | biou | Si: tritongo -iou- |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Irma** | Si: irmá | ir-má | má | non |

**2. Indica os elementos da comunicación humana nas seguintes situación:**

*Unha moza pregúntalle a señora que atopa na rúa onde está a estación de tren.*

**Emisor: a moza**

**Receptor: a señora**

**Mensaxe: onde está a estación de tren?**

**Código: lingua galega**

**Canle: aire**

**Contexto: conversa na rúa**

**3. De que tipo son os seguintes enunciados (*Enunciativo, interrogativo, exclamativo, dubitativo, desiderativo, exhortativo*):**

Este é o meu irmán. Enunciativo

Pregunteille como se chamaba a rúa. Enunciativo

Vaia sorpresa! Exclamativo

Cando vos coñecestes? Interrogativo

Oxalá vaiamos de vacacións a Roma. Desiderativo

Vai chamar a túa tía. Exhortativo

Non sei se apuntarme á excursión. Dubitativo

**4. Clasifica semanticamente (comúns, propios , etc.) os seguintes substantivos: *móbil, vento, auga, felicidade, Lagares, colmea.***

***Móbil: común, concreto, contable, individual.***

***Vento: común, concreto, non contable.***

***Auga: común, concreto, non contable.***

***Felicidade: común, abstracto.***

***Lagares: Propio***

***Colmea: común, concreto, contable, colectivo.***

**5. Ponlles o artigo determinado (O / A) aos seguintes substantivos:**

| | | | |
|---|---|---|---|
| A ANÁLISE | O MEL | A ÁRBORE | O SAL |
| O COSTUME | O TRAXE | O SANGUE | A COR |
| O LABOR | A PARÉNTESE | A ORDE | A DOR |
| A PAISAXE | O COUCE | O CUME | A PONTE |

**6. Pon en plural estas palabras:**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| réptil | réptiles | lapis | os lapis | sol | soles |
| rei | reis | luns | os luns | amigo | amigos |
| animal | animais | raíz | raíces | club | clubs |
| fácil | fáciles | xardín | xardíns | cadansúa | cadansúas |

**7. Escribe en feminino as seguintes oracións.**

a. O fillo do meu irmán é o meu sobriño, non o meu curmán.

A filla da miña irmá é a miña sobriña, non a miña curmá.

b. O profesor amosou os exames aos seus alumnos.

A profesora amosou os exames ás súas alumnas

c. O ladrón foi capturado coa axuda dos cidadáns.

A ladroa foi capturada coa axuda das cidadás.

**8. <u>Coloca</u> <u>te</u> ou <u>che</u>. Fíxate no exemplo:**

**Exemplo: Por pouco *<u>te</u>* atropela.**

a) Véxote moi ben.

b) Deiche a man porque tiña medo

c) María deuche os libros para que os levases.

d) Non te vin no exame.

e) Falouche con agarimo dos seus tíos.

**9. <u>Coloca o pronome átono</u> no lugar adecuado. <u>Fíxate</u> no <u>exemplo</u>:**

**Exemplo: __Levou*<u>na</u>* no de paseo. (a)**

a) Non as vexo__ contentas. (as)

b) __ Deille as chaves da casa. (lle)

c) Ninguén as avisou__ do que acontecera. (as)

d) __ Mercoulle os repolos á veciña? (lle)

e) Alguén lles dixo__ a verdade. (lles)

**10. <u>Coloca</u> os <u>acentos diacríticos</u> e as <u>diéreses</u> que falten nas seguintes frases.**

O oso camiñaba con dificultade porque rompera un óso.

A persoa bilingüe é a que fala dúas linguas.

Na antigüidade non se coñecía o té en Europa.

Enriba da lingüeta dos tenis atei un nó ben forte.

Non vés comigo?

Cómpre que compre axiña o libro do curso!

Teño moita présa por visitar a miña amiga presa.

**11. Emparella cada lingua co seu número no mapa:**




1 ____galego____

2 ____portugués___

3 ____castelán______

4 ____catalán______

5 ____valenciano____

6 _____aranés___

7 _____éuscaro_____

8 _____asturleonés__

9 _____aragonés__

10 _____mirandés____

**12. Completa o cadro:**

| **VERBO** | **TEMPO** | **MODO** | **PERSOA** | **NÚMERO** |
|---|---|---|---|---|
| Andarás | futuro | indicativo | 2ª | Sing. |
| Bebestes | pretérito | Indicativo | 2ª | pl |
| Collésedes | pretérito | Subxuntivo | 2ª | pl |
| Viviras | antepretérito | Indicativo | 2ª | Sing. |
| Falariamos | pospretérito | Indicativo | 1ª | pl |

**13. Completa o seguinte cadro. Fíxate no exemplo. (0,5 p)**

| VERBO | RAÍZ | DESINENCIA |
|---|---|---|
| EX: Cantabamos | Cant- | -abamos |
| Agardei | Agard- | -ei |
| Precisou | Precis- | -ou |
| Escribisen | Escrib- | -isen |
| Bebermos | Beb- | -ermos |
| Escoitarían | Escoit- | -arían |

**14. Enche os ocos destes enunciados coa forma verbal conxugada no tempo e persoa que se indica. Fíxate no exemplo.**

**Non_*pensei* _o que dixen. (pensar, pretérito indicativo, 1ª persoa singular)**

O alumnado de 1º da ESO _______recibirá___ as notas a vindeira semana. (Recibir, futuro de indicativo, 3ª persoa singular)

Oxalá _______celebrasen____ o seu aniversario o venres pola tarde. (celebrar, pretérito subxuntivo, 3ª persoa plural)

Non ___falastes__ coa profesora? (falar, pretérito indicativo, 2ª persoa plural)

Cando chegou a casa o seu pai xa ____marchara______. (marchar, antepretérito, 3ª persoa singular)

Antes non se _________comía___ tanto aguacate. (comer, copretérito, 3ª persoa singular)